



XUNTA DE GALICIA



ACUERDO DE COLABORACIÓN ENTRE LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA Y LA UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED), PARA LA COLABORACIÓN ENTRE EL INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) Y LA UNED EN EL ÁMBITO DE LA FORMACIÓN DE LAS PRÁCTICAS EXTERNAS DE LOS ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS.

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E MAIS A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED), PARA A COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA (IMELGA) E A UNED NO ÁMBITO DA FORMACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS.

Santiago de Compostela, 16 de octubre de 2019

SE REÚNEN:

REÚNENSE:

De una parte, **D. Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente y conselleiro de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 148/2016, de 13 de noviembre, por el que se nombran los titulares de los departamentos de la Xunta de Galicia; y en el ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, en relación con el Decreto 394/1994, de 29 de diciembre, por el que fueron asumidas las funciones sobre medios materiales y económicos para el funcionamiento de la Administración de justicia, traspasadas a la Xunta de Galicia por el Real decreto 2166/1994, de 4 de noviembre, así como de las que a su favor resultan de los artículos 4 y 11 del Reglamento del Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), aprobado por el Decreto 119/2005, para suscribir convenios de colaboración que vinculen a dicho instituto.

Dunha banda, **D. Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia; e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, en relación co Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que foron asumidas as funcións sobre medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, traspasadas á Xunta de Galicia polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, así como das que ao seu favor resultan dos artigos 4 e 11 do Regulamento do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), aprobado polo Decreto 119/2005, para suscribir convenios de colaboración que vinculen o dito instituto.



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



De otra parte, **D. Ricardo Mairal Usón**, rector de la Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED), de acuerdo con las competencias que le otorgan el artículo 20 de la Ley orgánica 6/2001, de 21 de diciembre (BOE de 24 de diciembre de 2001), y el artículo 99 del Real decreto 1239/2011, de 8 de septiembre, por el que se aprueban los Estatutos de la Universidad Nacional de Educación a distancia.

Ambos intervienen, en función de sus respectivos cargos, en el ejercicio de las facultades que para suscribir acuerdos de colaboración tienen conferidas, se reconocen mutua y respectiva competencia y capacidad suficiente para formalizar el presente acuerdo de colaboración, y

EXPONEN:

I. La Xunta de Galicia tiene atribuidas competencias y funciones en materia de justicia en virtud del artículo 20 del Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado por la Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, que se ejercen a través de la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia.

II. El Decreto 119/2005, del 6 de mayo, por el que se crea el Imelga le asigna a este la misión de auxiliar en materia de medicina forense a los juzgados, tribunales, fiscalías y oficinas del Registro Civil en todo el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia.

III. La UNED es una universidad legalmente constituida y reconocida oficialmente en España que tiene, entre otros objetivos, el de impulsar la investigación, el desarrollo y la innovación, así como, dentro de sus actividades, el de colaboración con el entorno académico y educativo.

IV. La nueva ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, introducida por exigencias del proceso de construcción del Espacio Europeo de Educación Superior

Doutra banda, **D. Ricardo Mairal Usón**, reitor da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), de acordo coas competencias que lle outorgan o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro de 2001), e mais o artigo 99 do Real decreto 1239/2011, de 8 de setembro, por el que se aproban os Estatutos da Universidade Nacional de Educación a distancia.

Ambos interveñen, en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para suscribir acordos de colaboración teñen conferidas, recoñécense mutua e respectiva competencia e mais capacidade suficiente para formalizar o presente acordo de colaboración, e

EXPOÑEN:

I. A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

II. O Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Imelga asígnalle a este a misión de auxiliar en materia de medicina forense os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas do Rexistro Civil en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

III. A UNED é unha universidade legalmente constituída e recoñecida oficialmente en España que ten, entre outros obxectivos, o de impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como, dentro das súas actividades, o de colaboración co contorno académico e educativo.

IV. A nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, introducida por esixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior



Xacobeo 2021

galicia

mediante la Ley orgánica 4/2007, de 12 de abril, por la que se modifica la Ley orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de universidades, y desarrollada por el Real decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales, pone un especial énfasis en la realización de prácticas externas por parte del estudiantado universitario, previendo que los planes de estudios de grado contendrán toda la formación teórica y práctica que este deba adquirir, entre la que se mencionan las prácticas externas.

V. En consonancia con lo anterior, el Estatuto del estudiante universitario, aprobado por el Real decreto 1791/2010, de 30 de diciembre, reconoce el derecho del estudiantado de grado a disponer de la posibilidad de realización de prácticas curriculares o extracurriculares, que podrán realizarse en entidades externas y en los centros, estructuras y servicios de la universidad, según la modalidad prevista, garantizando que sirven para la finalidad formativa de las mismas, así como a contar con la tutela efectiva, académica y profesional en las prácticas externas que se prevean en el plan de estudios. Con mayor detalle, en su artículo 24 se regulan las prácticas académicas externas, sus clases y sus características generales, así como la extensión de su realización a todos los estudiantes matriculados en cualquier enseñanza impartida por las universidades y los centros adscritos a estas. El carácter formativo de dichas prácticas tiene por objetivo permitir que los alumnos apliquen y complementen los conocimientos adquiridos en su formación académica, favoreciendo la adquisición de competencias que los preparen para el ejercicio de actividades profesionales, faciliten su empleabilidad y fomenten su capacidad de emprendimiento.

VI. El Real decreto 592/2014, de 11 de julio, regula las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios, y en tal sentido establece el marco regulador de la incorporación del estudiantado en prácticas en el ámbito de las administraciones públicas y privadas.

mediante a Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, pon unha especial énfase na realización de prácticas externas por parte do estudiantado universitario, prevendo que os plans de estudos de grao conterán toda a formación teórica e práctica que este deba adquirir, entre a que se mencionan as prácticas externas.

V. En consonancia co anterior, o Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece o dereito do estudiantado de grao a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que se poderán realizar en entidades externas e nos centros, estruturas e servizos da universidade, segundo a modalidade prevista, garantindo que serven para a finalidade formativa das mesmas, así como tamén a contar coa tutela efectiva, académica e profesional nas prácticas externas que se prevexan no plan de estudos. Con maior detalle, no seu artigo 24 regúlanse as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais, así como a extensión da súa realización a todos os estudantes matriculados en calquera ensinanza impartida polas universidades e os centros adscritos a estas. O carácter formativo das ditas prácticas ten por obxectivo permitir que os alumnos apliquen e complementen os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

VI. O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e en tal senso establece o marco regulador da incorporación do estudiantado en prácticas no ámbito das administracións públicas e privadas.



XUNTA DE GALICIA



VII. El Imelga y la UNED desean colaborar con el objetivo de promover y fomentar la empleabilidad entre los estudiantes y egresados de la universidad mediante la realización de prácticas externas.

De conformidad con cuanto antecede, ambas partes acuerdan suscribir el presente acuerdo de colaboración, que se registrará por las siguientes

CLÁUSULAS:

Primera. Objeto.

El objeto de este acuerdo es articular la colaboración entre la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, a través del Imelga, y la UNED, para el establecimiento de un programa de cooperación educativa a través del cual los estudiantes de la UNED, matriculados en enseñanzas oficiales de grado o conducentes a la obtención de un título de máster universitario, puedan complementar la formación con la realización de prácticas profesionales y el desarrollo del trabajo de fin de grado (TFG) o del trabajo de fin de máster (TFM).

Segunda. Proyecto formativo objeto de las prácticas a realizar por el estudiante.

Según el modelo anexo a este acuerdo, se elaborará un proyecto formativo consensuado por las entidades firmantes de este acuerdo en el que por lo menos se contemplarán los siguientes elementos:

- Ámbito en el que se desarrollan las prácticas.
- Horas de estancia del estudiante.
- Competencias a desarrollar.
- Plan de actividades previsto para el desarrollo de dichas competencias.

Tercera. Compromisos de las partes.

La realización, al amparo del presente acuerdo, de prácticas de formación por parte de los estudiantes no constituye vínculo laboral ni contractual de ningún tipo entre estos y las partes firmantes, ni contraprestación

VII. O Imelga e mais a UNED desexan colaborar co obxectivo de promover e fomentar a empregabilidade entre os estudantes e egresados da universidade mediante a realización de prácticas externas.

De conformidade con canto antecede, ambas as dúas partes acordan suscribir o presente acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

O obxecto deste acordo é articular a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través do Imelga, e mais a UNED, para o establecemento dun programa de cooperación educativa a través do cal os estudantes da UNED, matriculados en ensinos oficiais de grao ou conducentes á obtención dun título de máster universitario, poidan complementar a formación coa realización de prácticas profesionais e o desenvolvemento do traballo de fin de grao (TFG) ou do traballo de fin de máster (TFM).

Segunda. Proxecto formativo obxecto das prácticas a realizar polo estudante.

Segundo o modelo anexo a este acordo, elaborárase un proxecto formativo concordado polas entidades asinantes deste acordo no que polo menos se terán en consideración os seguintes elementos:

- Ámbito no que se desenvolven as prácticas.
- Horas de estancia do estudante.
- Competencias a desenvolver.
- Plan de actividades previsto para o desenvolvemento das devanditas competencias.

Terceira. Compromisos das partes.

A realización, ao abeiro do presente acordo, de prácticas de formación por parte dos estudantes non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre estes e as partes asinantes, nin contraprestación económica



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



económica alguna durante su desarrollo, sin que sea aplicable el Estatuto de los trabajadores.

En caso de que al término de los estudios el estudiante se incorporara al personal de la entidad colaboradora, el tiempo de las prácticas no se computará a efectos de antigüedad ni eximirá del período de prueba, salvo que en el oportuno convenio colectivo aplicable estuviera expresamente estipulado algo distinto.

Cuarta. Cobertura de riesgos.

La cobertura de riesgos de los estudiantes en prácticas se ajustará al siguiente régimen:

a) Del presente acuerdo no derivará para la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, ni para ninguna de las entidades colaboradoras dependientes de ella, si las hubiere, obligación alguna referente a cualquiera de los regímenes de la Seguridad Social, ya que las contingencias quedarán cubiertas por el seguro escolar y por una póliza de seguro de responsabilidad civil (solo en países de la Unión Europea), cuyos gastos serán asumidos por la UNED.

b) En el caso de los estudiantes mayores de 28 años, a los que no cubre el seguro escolar, las posibles contingencias producidas durante el período de prácticas estarán cubiertas, asimismo, por una póliza de seguro de accidentes, cuyos gastos correrán a cargo de la UNED.

Quinta. Selección de los estudiantes.

La selección de los estudiantes que vayan a realizar las prácticas corresponderá a la UNED, por medio del oportuno procedimiento de selección, en función del número de plazas ofertadas por el Imelga.

Sexta. Formación y evaluación.

• Formación

El Imelga, y en su caso cada una de las entidades colaboradoras dependientes a las que los estudiantes acudan a realizar las prácticas, designará un tutor de prácticas (profesional del Imelga). Si el estudiante está cursando enseñanzas de grado (o equivalente de

ningunha durante o seu desenvolvemento, sen que sexa aplicable o Estatuto dos traballadores.

No caso de que ao termo dos estudos o estudante se incorpore ao persoal da entidade colaboradora, o tempo das prácticas non se computará para efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, bardante que no oportuno convenio colectivo aplicable estea expresamente estipulado algo distinto.

Cuarta. Cobertura de riscos.

A cobertura de riscos dos estudantes en prácticas axustarase ao seguinte réxime:

a) Do presente acordo non derivará para a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nin para ningunha das entidades colaboradoras dependentes dela, se as houber, obrigación ningunha referente a calquera dos réximes da Seguridade Social, xa que as continxencias quedarán cubertas polo seguro escolar e mais por unha póliza de seguro de responsabilidade civil (só en países da Unión Europea), cuxos gastos serán asumidos pola UNED.

b) No caso dos estudantes maiores de 28 anos, aos que non cobre o seguro escolar, as posibles continxencias producidas durante o período de prácticas estarán cubertas, así mesmo, por unha póliza de seguro de accidentes, cuxos gastos correrán a cargo da UNED.

Quinta. Selección dos estudantes.

A selección dos estudantes que vaian realizar as prácticas corresponderá á UNED, por medio do oportuno procedemento de selección, en función do número de prazas ofertadas polo Imelga.

Sexta. Formación e avaliación.

• Formación

O Imelga, e se for o caso cada unha das entidades colaboradoras dependentes ás que os estudantes acudan a realizar as prácticas, designará un titor de prácticas (profesional do Imelga). Se o estudante está a cursar ensinos de grao (ou equivalente de sistemas de ensino de



Xacobeo 2021

galicia



sistemas de enseñanza de anteriores ordenaciones), la UNED, a través de su centro asociado, designará un profesor tutor. Si las prácticas están incluidas en un máster universitario, la UNED designará, a través de la Comisión de Coordinación del Título de Máster, un profesor responsable de prácticas del título. En el caso de las prácticas llevadas a cabo para el desarrollo del TFG y TFM, la UNED designará un tutor responsable. Cada uno de ellos serán los encargados del seguimiento y control de la formación de los estudiantes durante su período de prácticas. Asimismo, serán los encargados de resolver en primera instancia las incidencias que se produzcan, debiendo informar a los máximos responsables de las instituciones que suscriben este acuerdo de los problemas o circunstancias especiales que requieran su intervención.

La UNED reconocerá, mediante un certificado, la condición de "tutor de prácticas" a los profesionales del Imelga que lleven a cabo dicha función, y asimismo podrá establecer las compensaciones que considere oportunas por su realización. Además, los tutores de prácticas (profesionales del Imelga) podrán acogerse a los beneficios contemplados en la resolución del Consejo de Gobierno de la UNED de 27 febrero de 2008.

• Evaluación

El tutor de prácticas emitirá un informe, diseñado a tal efecto, sobre las actividades realizadas por el estudiante durante el período de prácticas, con el fin de que se incorpore, en los términos establecidos y junto al resto de documentación necesaria, al proceso de evaluación. La calificación final será responsabilidad exclusiva del equipo docente de prácticas.

En el caso del TFG y del TFM, su regulación quedará sujeta a las directrices establecidas por la UNED.

Séptima. Régimen de permisos y requisitos de las prácticas.

El horario, actividades a realizar, régimen de permisos y demás condiciones que se consideren necesarias para la realización de las prácticas serán fijados de común acuerdo por los representantes del Imelga y de la UNED. La duración mínima de las prácticas se corresponderá con el número de horas contempladas en las prácticas de la

anteriores ordenaciones), a UNED, a través de su centro asociado, designará un profesor tutor. Se as prácticas están incluidas nun máster universitario, a UNED designará, a través da Comisión de Coordinación do Título de Máster, un profesor responsable de prácticas do título. No caso das prácticas levadas a cabo para o desenvolvemento do TFG e TFM, a UNED designará un tutor responsable. Cada un deles serán os encargados do seguimento e control da formación dos estudantes durante o seu período de prácticas. Así mesmo, serán os encargados de resolver en primeira instancia as incidencias que se produzan, debendo informar aos máximos responsables das institucións que subscriben este acordo dos problemas ou circunstancias especiais que requiran a súa intervención.

A UNED recoñeceralles, mediante un certificado, a condición de "titor de prácticas" aos profesionais do Imelga que leven a cabo a dita función, e así mesmo poderá establecer as compensacións que considere oportunas pola súa realización. Ademais, os titores de prácticas (profesionais do Imelga) poderanse acoller aos beneficios recolleitos na resolución do Consello de Goberno da UNED do 27 febreiro de 2008.

• Avaliación

O titor de prácticas emitirá un informe, deseñado para tal efecto, sobre as actividades realizadas polo estudante durante o período de prácticas, co fin de que se incorpore, nos termos establecidos e xunto co resto de documentación necesaria, ao proceso de avaliación. A cualificación final será responsabilidade exclusiva do equipo docente de prácticas.

No caso do TFG e do TFM, a súa regulación quedará suxeita ás directrices establecidas pola UNED.

Sétima. Réxime de permisos e requisitos das prácticas.

O horario, actividades a realizar, réxime de permisos e demais condicións que se consideren necesarias para a realización das prácticas serán fixados de común acordo polos representantes do Imelga e da UNED.

A duración mínima das prácticas corresponderase co número de horas previstas nas prácticas da titulación que estea a cursar o estudante.



titulación que esté cursando el estudiante.

Octava. Uso de signos distintivos.

Las partes autorizan expresamente el uso de sus signos distintivos para promover y dar a conocer todos aquellos programas o actividades relacionados con las acciones conjuntas establecidas en el presente acuerdo de colaboración.

Novena. Compromisos de la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia, a través del Imelga.

La Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia colaborará en la realización de las actuaciones a que se refiere este acuerdo facilitando que el alumnado seleccionado por la UNED pueda realizar las prácticas externas en el Imelga.

Asimismo, el Imelga comunicará a la UNED las incidencias que se produzcan con el alumnado durante el período de prácticas, en particular, las relativas a la incorporación del alumnado en la fecha de comienzo de las prácticas, las ausencias, los períodos de vacaciones o los desistimientos que se produzcan por parte de aquel, de las que se dará traslado a la universidad, que las cursará como proceda.

Dado el carácter formativo de las prácticas académicas externas, de su realización no se derivarán en ningún caso obligaciones propias de una relación laboral, ni su contenido podrá dar lugar a la sustitución de la prestación laboral propia de puestos de trabajo.

El período de prácticas no constituye una relación laboral entre el alumnado y la Xunta de Galicia, por lo que a esta no podrá exigírsele responsabilidad alguna, ni directa ni subsidiaria, por los hechos acaecidos durante el desarrollo de las actividades objeto del presente acuerdo de colaboración, debiendo quedar estos cubiertos por la póliza de seguro suscrita por la UNED.

No podrá formalizarse un contrato de trabajo entre las instituciones y el estudiantado mientras no finalice la práctica.

Oitava. Uso de signos distintivos.

As partes autorizan expresamente o uso dos seus signos distintivos para promover e dar a coñecer todos aqueles programas ou actividades relacionados coas accións conxuntas establecidas no presente acordo de colaboración.

Novena. Compromisos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través do Imelga.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará na realización das actuacións a que se refire este acordo facilitando que o alumnado seleccionado pola UNED poida realizar as prácticas externas no Imelga.

Así mesmo, o Imelga comunicará á UNED as incidencias que se produzan co alumnado durante o período de prácticas, en particular as relativas á incorporación do alumnado na data de comezo das prácticas, as ausencias, os períodos de vacacións ou as desistencias que se produzan por parte daquel, das que se dará traslado á universidade, que as cursará como proceda.

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización non derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

O período de prácticas non constitúe unha relación laboral entre o alumnado e a Xunta de Galicia, polo que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actividades obxecto do presente acordo de colaboración, debendo quedar estes cubertos pola póliza de seguro suscrita pola UNED.

Non se poderá formalizar un contrato de traballo entre as institucións e o estudiantado mentres non finalice a práctica.

Décima. Financiación.

Este acuerdo no implica obligaciones económicas ni

Décima. Financiamento.

Este acordo non implica obrigas económicas nin



compromisos de gastos para el presupuesto de la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia. El alumnado no tendrá derecho a remuneración, indemnización ni gratificación o compensación económica de la Administración autonómica por razón de la realización de las prácticas.

Undécima. Comisión de Seguimiento.

Se crea una Comisión de Seguimiento de este acuerdo, integrada por cuatro miembros designados por los firmantes de cada parte:

- Dos miembros por parte de la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de la Xunta de Galicia.
- Dos miembros por parte de la UNED.

Entre las funciones que corresponden a la Comisión de Seguimiento se incluye:

- a) Determinar anualmente el número de plazas que se pueden ofertar al alumnado de la UNED para la realización de prácticas externas en el Imelga.
- b) Realizar el seguimiento y evaluación del desarrollo del acuerdo y de las actuaciones que se establezcan.
- c) Impulsar las funciones de coordinación entre las instituciones firmantes para la más adecuada consecución de los objetivos formativos.
- d) Interpretar el acuerdo y resolver cuantas dudas puedan surgir en su ejecución.

Decimosegunda. Difusión.

Las partes darán la adecuada difusión por sus canales habituales (publicaciones, web, redes sociales, etc.) a las actividades formativas objeto de este acuerdo.

Con anterioridad a la celebración de las prácticas externas para el alumnado de la UNED, ambas instituciones pondrán en común toda la información que se genere sobre el contenido de aquellas que deba ser conocida por los participantes.

Ambas partes se comprometen a cumplir los requerimientos establecidos en la normativa de

compromisos de gastos para o orzamento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. O alumnado non terá dereito a remuneración, indemnización nin gratificación ou compensación económica da Administración autonómica por mor da realización das prácticas.

Décimo primeira. Comisión de Seguimento.

Créase unha Comisión de Seguimento deste acordo, integrada por catro membros designados polos asinantes de cada parte:

- Dous membros por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.
- Dous membros por parte da UNED.

Entre as funcións que lle corresponden á Comisión de Seguimento inclúense:

- a) Determinar anualmente o número de prazas que se poden ofertar ao alumnado da UNED para a realización de prácticas externas no Imelga.
- b) Realizar o seguimento e avaliación do desenvolvemento do acordo e das actuacións que se establezan.
- c) Impulsar as funcións de coordinación entre as institucións asinantes para a máis axeitada consecución dos obxectivos formativos.
- d) Interpretar o acordo e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Décimo segunda. Difusión.

As partes darán a adecuada difusión polas súas canles habituais (publicacións, web, redes sociais, etc.) ás actividades formativas obxecto deste acordo.

Con anterioridade á realización das prácticas externas para o alumnado da UNED, ambas as dúas institucións porán en común toda a información que se xere sobre o contido daquelas que deba ser coñecida polos participantes.

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir cos requirimentos establecidos na normativa de aplicación en

aplicación en materia de protección de datos personales, esto es la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales y el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE.

Decimotercera. Duración.

El presente Acuerdo entrará en vigor en el momento de su firma, y tendrá duración de 4 años, prorrogable expresamente por las partes por un período de 4 años adicionales, salvo denuncia de alguna de las partes, con una antelación mínima de tres meses.

Decimocuarta. Modificación y resolución anticipada.

Este acuerdo podrá modificarse por decisión unánime de las partes a través de la suscripción de la correspondiente adenda modificadora.

Serán causas de resolución del acuerdo:

- a) La decisión unánime de los firmantes.
- b) El incumplimiento, por parte de alguno de los firmantes, de las obligaciones y compromisos asumidos.

En este caso, la otra parte podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado asimismo al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del acuerdo.

Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persiste el incumplimiento, la parte que lo ha dirigido notificará a la otra parte firmante la concurrencia de la causa de resolución, y se entenderá resuelto el acuerdo.

- c) Una decisión judicial declaratoria de la nulidad del acuerdo.
- d) La imposibilidad sobrevenida de cumplimiento del objeto del acuerdo.
- e) Cualquier otra causa distinta de las anteriores

materia de protección de datos persoais, isto é a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

Décimo terceira. Duración.

O presente Acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura, y terá duración de 4 anos, prorrogable expresamente polas partes por un período de 4 anos adicionais, salvo denuncia de algunha das partes, cunha antelación mínima de tres meses.

Décimo cuarta. Modificación e resolución anticipada.

Este acordo poderá modificarse por decisión unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificadora.

Serán causas de resolución do acordo:

- a) A decisión unánime dos asinantes.
- b) O incumprimento, por parte dalgún dos asinantes, das obrigas e compromisos asumidos.

Neste caso, a outra parte poderalle notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento seralle comunicado así mesmo ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do acordo.

Se transcurrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte asinante a concurrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o acordo.

- c) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- d) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.
- e) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no acordo ou nalgunha lei.

prevista en el acuerdo o en alguna ley.

Decimoquinta. Régimen jurídico del acuerdo.

El presente acuerdo, de naturaleza jurídico-administrativa, se celebra al amparo de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público, quedando su régimen jurídico excluido del ámbito de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del sector público, en virtud de lo establecido en su artículo 6.

Las cuestiones litigiosas surgidas sobre la interpretación, ejecución, modificación, resolución y efectos que se puedan derivar de la aplicación del presente acuerdo deberán resolverse de mutua conformidad de las partes en el seno de la Comisión de Seguimiento constituida conforme a lo previsto en la cláusula undécima. En el supuesto de cuestiones litigiosas que no hubieran sido solucionadas por la comisión, serán sometidas al orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

Decimosexta. Publicidad y transparencia.

Este acuerdo será objeto de publicación, de conformidad con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de la Administración pública gallega.

Las partes firmantes del acuerdo manifiestan su consentimiento para que los datos personales que constan en él, así como el resto de sus especificaciones, se puedan publicar en los referidos portales de transparencia.

Las partes firmantes vendrán obligadas en materia de protección de datos a cumplir con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), y con las demás disposiciones vigentes sobre la materia.

Decimoséptima. Obligación de cumplimiento de los compromisos.

En caso de finalización del presente acuerdo, cualquiera

Décimo quinta. Réxime xurídico do acordo.

O presente acordo, de natureza xurídico-administrativa, formalízase ao abeiro da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quedando o seu réxime xurídico excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que poidan derivar da aplicación do presente acordo deberán resolverse de mutua conformidade das partes no seo da Comisión de Seguimento constituída conforme o previsto na cláusula décimo primeira. No suposto de cuestións litixiosas que non fosen solucionadas pola comisión, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Publicidade e transparencia.

Este acordo será obxecto de publicación, consonte o previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.

As partes asinantes do acordo manifestan o seu consentimiento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das súas especificacións, se poidan publicar nos referidos portais de transparencia.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo sétima. Obriga de cumprimento dos compromisos.

En caso de finalización do presente acordo, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as



XUNTA DE GALICIA



que sea la causa, las partes se comprometen a concluir las obligaciones y compromisos pendientes asumidos con anterioridad a la fecha de finalización del mismo.

De conformidad con cuanto antecede, en el ejercicio de las atribuciones de que son titulares los firmantes, suscriben por duplicado el presente acuerdo en el lugar y fecha al principio indicados.

obligas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

De conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente acordo no lugar e data ao principio indicados.

POR LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMONES. PÚBLICAS Y
JUSTICIA

Alfonso Rueda Valenzuela

POR LA UNIVERSIDAD NACIONAL DE
EDUCACIÓN A DISTANCIA



Ricardo Mairal Usón



Xacobeo 2021

galicia